



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 136

IX lexislatura

Serie Pleno

### **Sesión plenaria** **23 de decembro de 2015**

**Presidencia da Excma. Sra. D<sup>a</sup> Pilar Rojo Noguera**

---

### **ORDE DO DÍA**

---

Punto único.-

Designación de senadores ou senadoras representantes da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 165.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia. 08/PSND-0003 (43298)

*Ábrese a sesión ás nove e trinta e catro minutos da mañá.*

**Designación de senadores ou senadoras representantes da Comunidade Autónoma de Galicia.** (Punto único da orde do día.)

*A señora presidenta dá conta da tramitación seguida e do procedemento para a designación dos senadores, así como dos detalles da votación nesta sesión, e dálle a palabra ao señor secretario da Mesa para que proceda ao chamamento das señoras e señores deputados. (Páx. 3.)*

*O señor secretario (Balseiro Orol) fai o chamamento para a votación en urna. (Páx. 3.)*

*Rematada a votación e o escrutinio, o resultado é o seguinte: votos a favor de don Juan Manuel Jiménez Morán, 38; votos a favor de don Modesto Pose Mesura, 12; votos a favor de don Fernando Carlos Rodríguez Pérez, 38; e votos en branco, 20. (Páx. 3.)*

*A señora presidenta, antes de dar por rematada a sesión, lémbrale á Cámara que a seguinte sesión plenaria, convocada para o mesmo día que a presente, comeza a continuación. (Páx. 3.)*

*Remata a sesión ás nove e corenta e nove minutos da mañá.*

---

*Ábrese a sesión ás nove e trinta e catro minutos da mañá.*

**A señora PRESIDENTA:** Señorías, vaian ocupando os seus escanos, por favor.

Ben, bo día de novo, ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia a deputada dona Carmen Iglesias, do Grupo Mixto.

Señorías, entramos no desenvolvemento da orde do día, que, como saben, é un punto único.

### **Designación de senadores ou senadoras representantes da Comunidade Autónoma de Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Iniciado o procedemento para a designación dos senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, por acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do 15 de decembro de 2015, o número de senadores ou senadoras que hai que designar é de tres, conforme o disposto no artigo 10.1.C do Estatuto de autonomía de Galicia.

A súa distribución, feita en proporción da representación das distintas forzas políticas existentes na Cámara, determina que ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia lle corresponde a proposta de dúas candidaturas e ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia lle correspondería unha.

Rematado o prazo de presentación de propostas, a Mesa, por acordo do 22 de decembro, resolveu admitir a trámite as propostas dos grupos parlamentarios e designar candidatos para senador. A elección efectuarase por papeletas, conforme o disposto no artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Na papeleta repartida para o efecto figuran os nomes dos candidatos propostos para marcar cunha aspa o recadro dos candidatos aos que presten o seu apoio.

De non marcar ningún recadro, considerárase voto en branco, e de introducirse algunha emenda riscada ou calquera outra adición declararíase voto nulo.

Polo tanto, creo que as súas señorías dispoñen xa da papeleta de votación. Damos comezo á votación polo chamamento que fará o secretario da Mesa, e prégolles ao vicepresidente 1º e á señora vicesecretaria que se sitúen onda a urna para a recollida das papeletas.

Señor secretario, pode proceder ao chamamento das súas señorías.

**O señor SECRETARIO (Balseiro Orol):** Si.

*(O señor secretario procede a dar lectura da relación de asistentes por orde alfabética dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os deputados e deputadas membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa).*

**A señora PRESIDENTA:** Ben, se todos os deputados e as deputadas exerceron o seu dereito a voto, se lles parece facemos o escrutinio.

*(Escrutinio.)*

**A señora PRESIDENTA:** Efectuado o escrutinio, o resultado da votación é o seguinte: votos a favor de don Juan Manuel Jiménez Morán, 38; votos a favor de don Modesto Pose Mesura, 12; votos a favor de don Fernando Carlos Rodríguez Pérez, 38; e votos en branco, 20.

Polo tanto, acadado o apoio da Cámara quedan designados como senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia para a XI lexislatura do Senado don Juan Manuel Jiménez Morán, don Modesto Pose Mesura e don Fernando Carlos Rodríguez Pérez.

**A señora PRESIDENTA:** Antes de levantar a sesión, lémbrolles aos membros da Cámara que ás dez horas dará comezo a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

Moitas grazas.

Esgotada a orde do día levántase a sesión.

*Remata a sesión ás nove e corenta e nove minutos da mañá.*



## DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25